

Hobbes e o contrato social

Hobbes é un dos defensores da **teoría do contrato social**, segundo a cal a sociedade é o resultado dun pacto entre os individuos (**teoría contractualista**). A sociedade inglesa da época vive en medio de grandes conflitos. Debátese sobre a obediencia debida dos súbditos ao monarca. Hobbes substituirá a desacreditada teoría medieval da orixe divina do poder por outra que considera que o poder procede do pobo, aínda que el, de feito, se manteña fiel ao poder absoluto do rei. Así, tomou partido a favor do poder absoluto do soberano, en contra das ideas do parlamentarismo inglés defendidas por Cronwell. Sen dúbida, Hobbes foi un agudo observador da axitada vida política inglesa.

O Leviatán defende un *individualismo absoluto*: cada home é un ser completamente independente dos demais. Os individuos orixinariamente viven en *estado de natureza*. Nese estado están dominados polo apetito natural de posesión e polo principio de autoconservación. O home é un animal que fundamentalmente loita pola súa supervivencia. Dominado polos seus desexos e non existindo ningún poder superior, convertese nun lobo para o home, e, como consecuencia, prodúcese a guerra de todos contra todos.

A idea do estado de natureza é, no fondo, unha mera hipótese. Hobbes quere demostrar que se o poder está repartido por igual entre todos os individuos, chégase a unha situación de caos. En conclusión, para que haxa xustiza e orde cómpre que exista un poder superior.

Para saír da situación de guerra de todos contra todos é preciso realizar un contrato (o *contrato social*) por medio do cal os individuos renuncian aos seus dereitos naturais, que posuían en estado de natureza, transferíndoos a unha autoridade soberana.

Dito doutro xeito, os homes inmersos nun estado de guerra total, advirten que a non ser que consigan unha situación de paz, orde e cooperación, corren o perigo de perecer. Acoden, por esta razón, a un contrato, que é algo artificial, convencional: unha decisión racional en virtude da cal se establece o Estado e se garante a existencia da convivencia social en paz e seguridade. A comunidade política constitúese, polo tanto, mediante un intercambio de dereitos realizado voluntaria e racionalmente. Hobbes considera, incluso, que esta renuncia dos dereitos en favor do soberano é irrevocabel, isto é, unha vez que os súbditos transfiren o seu poder e dereitos particulares ao monarca, esta acción xa non ten volta atrás. O modelo de Estado que defende, polo tanto, é o dun *Estado absolutista*, isto é, un Estado ao fronte do cal está un monarca con poderes absolutos.